| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. - Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 11 | TEMA 11 | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Le un texto e é responde adecuadamente a preguntas de comprensión sobre el. | PE | 60 |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Coñece as regras ortográficas máis comúns para o uso de -cia/-za ou -cio/-zo | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Clasifica as oracións segun o tipo que sexan.Recoñece e identifica algúns estranxeirismos, neoloxismos, arcaísmos e castelanismos | | |
| CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. | Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva en todos os contextos | TI | 40 |
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. | Demostra capacidade de cambio de uso de lingua entre castelán / galego /inglés en función do contexto social. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas. | Manifesta respecto polas opinións dos demais en toda circunstancia | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero. | Comunícase cos demais con respecto e igual consideración | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Resume e reinterpreta unha conversa oral breve | | |
| CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. | Demostra hábito de consultar información da actualidade a través dos medios de comunicación social | | |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | Redacta un texto argumentativo expresando a súa opinión sobre un texto de prensa proposto. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta. | Coñece a nomenclatura das temáticas, así como a súa ubicación e organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade na biblioteca. | | |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar. | Amosa continuidade de lectura de textos nos momentos lectores | | |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Comparte e matiza opinións persoais nos debates literarios | | |
| CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. | Participa activamente no club de lectura do nivel | | |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | Participa con interese en representacións lidas e escenificacións teatrais. | | |
| CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma. | Asocia a lectura dun texto literario a unha época ou movemento cultural determinado | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida cos compañeiros e compañeiras | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Recoñece o significado da totalidade das palabras dun texto de 150/200 palabras, a través do contexto ou por medio de uso de dicionario dixital ou físico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Procesos: interacción oral <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora <ul style="list-style-type: none"> - Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Procesos: produción escrita <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora. - Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 12 | TEMA 12 | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Le un texto e é responde adecuadamente a preguntas de comprensión sobre el. | PE | 60 |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Coñece as regras ortográficas para palabras homófonas con ex-, -es | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Recoñece as diferentes linguas oficiais en España. Identifica situacións de bilingüismo e diglosia Recoñece as siglas, acrónimos e abreviaturas máis usuais | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. | Amosa respecto e consideración polas distintas maneiras de falar dos demais. | TI | 40 |
| CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. | Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva en todos os contextos | | |
| CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. | Demostra capacidade de cambio de uso de lingua entre castelán / galego / inglés en función do contexto social. | | |
| CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas. | Manifesta respecto polas opinións dos demais en toda circunstancia | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero. | Comunícase cos demais con respecto e igual consideración | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Resume e reinterpreta unha conversa oral breve | | |
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Recoñece elementos de linguaxe discriminatoria nun texto escrito, e redacta de maneira alternativa | | |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas. | Demostra capacidade de consensuar solucións en situacións de conflito | | |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. | Amosa lectura fluída en textos literarios de calquera xénero. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta. | Coñece a nomenclatura das temáticas, así como a súa ubicación e organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade na biblioteca. | | |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral, e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural. | Amosa preferencias por algún tipo de literatura, e explica as razóns. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. | Participa activamente no club de lectura do nivel. | | |
| CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | Participa con interese en representacións lidas e escenificacións teatrais | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida cos compañeiros e compañeiras | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Recoñece o significado da totalidade das palabras dun texto de 150/200 palabras, a través do contexto ou por medio de uso de dicionario dixital ou físico | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto <ul style="list-style-type: none"> - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Procesos: interacción oral <ul style="list-style-type: none"> - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral <ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora |

Contidos

- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Castelá e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.

Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:

- **Aprendizaxe cooperativa:** o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.

- **Aprendizaxe significativa:** as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

- **Ensinanza individualizada:** complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos/as en función das súas capacidades e necesidades.

- **Entorno multimedia:** a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintosoportes de maneira equilibrada.

- **Autoavaliativo:** nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

- **Progresividade e consolidación:** todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 12 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc en lingua galega como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ultraportátiles de alumnado |
| Portátil de aula e do profesor ou profesora, e PDI. |
| Espazo EVA EDIXGAL, no que dispoñemos de materiais aportados pola XUNTA e por as titoras |
| Material funxible de cada alumnado: lápiz, bolígrafos, goma, cores e unha libreta para a asignatura |
| Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos. |
| Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción. |
| Radio escolar |
| Fontes documentais de internet |

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como

instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais..

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (8sesións) Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Lingua galega e literatura.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 9 | 9 | 9 | 9 | 8 | 8 | 8 | 8 | 8 | 8 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|-----------------------------|-------|-------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 8 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 |

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse o criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignadas.

Haberá unha proba escrita na parte final de cada unidade didáctica, sobre a que se obterá a nota en función do peso que se asigne a cada pregunta da mesma.

As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido. A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).

Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: $\text{nota final} = \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av} + 2x$

nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente. Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, co profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado especialista de PT ou AL..

Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise. No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada unha das unidades didácticas avaliarase por proba escrita e por listas de control.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual) | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|--|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Emprendemento | X | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual) | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X |

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Saídas culturais | Visitas a museos, exposicións, teatro, cine,... | X | X | X |
| Participación nos festivais e obradoiros de final de trimestre | Actuacións, representacións, participar como monitores dos máis pequenos,... | X | X | X |
| Axudantes de biblioteca | Ao longo do curso actuarán como monitores do resto de compañeiros | X | X | X |
| Radio | Elaborar a lo menos un programa de radio | X | X | X |
| Cine | Elaborar a lo menos unha curta de cine, elaborando guión eles mesmos | X | X | X |
| Certame de conxuros(cuartetos) do EDNL | Participación no certame de conxuros(cuartetos) do EDNL | | X | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%. |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| Grao de motivación continuada do alumnado. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre |
| Medidas de atención á diversidade |
| Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade. |
| Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario. |
| Clima de traballo na aula |
| Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%) |
| Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado. |
| Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85% |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Grao de coordinación entre os/as docentes do nivel. |
| Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna. |

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos teren conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas. Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados